



Asunto: Aboamento de trienios devengados antes do 1 de xaneiro de 2021 nunha relación laboral a persoal que posteriormente é funcionario

En relación ás preguntas formuladas pola organización sindical UGT tanto na Mesa Xeral de Empregados Públicos como na Comisión de Personal en relación ao asunto de referencia cómpre manifestar o seguinte:

A disposición final segunda da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2021 (BOE nº 341 do 31.12.2020), que entrou en vigor o día 1 de xaneiro de 2021, modificou o artigo segundo da Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos previos na Administración Pública.

En cumprimento da dita normativa, iniciárase a emisión das resolucións oportunas para o recoñecemento do dito dereito ás persoas que o teñan solicitado ou o soliciten posteriormente. Tal resolución fundamentalmente establecerá:

“Recoñéceselle o dereito a percibir o aboamento dos trienios perfeccionados con vencementos anteriores á entrada en vigor da modificación da Lei 70/1978, do 26 de decembro, coa mesma contía económica que percibía como persoal laboral da Xunta de Galicia”.

Hai que salientar que esta previsión non afecta ao persoal funcionariado como consecuencia do Acordo de Concertación dado que estes teñen a súa particularidade no mantemento dos trienios devengados como persoal laboral e mesmo do primeiro que perfeccionen despois da súa funcionarización.

O que se lles comunica para o seu coñecemento.

Santiago de Compostela na data da súa sinatura electrónica

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal

